

ENTREMESES DE OIMBRA

Foron varias as persoas que en Oimbra se adicaron á confección dos Entremeses ata que por causas diversas se deixaron de facer. Entre estes facedores de coplas populares destacan nos últimos tempos o señor Luis e dona Lidia Pardo de cuia autoría son as que reproducimos:

Oimbra pueblo bonito
o mais adiantado de Galicia
ti sempre fuches o primeiro
e seralo mentras vivas.

Iste ano por exemplo
houbo moi grandes inventos
as minifaldas nas mozas
e o Eletrosoc nos recos.

Os homes están contentos
por que os da E. Agraria
se acordaron dos de Oimbra
pra vir facer as matanzas.

Tuvéronlle unha reunión
pra matar coa electricidá,
pois eso de andar co coitelo
é unha grande brutalidá.

O pobre do José da muda
foi quen primeiro picou
e pra que todos aprenderan
ós veciños avisou:

Todo o pueblo de Oimbra
se levante ó romper o día

pra quitaren as entradas
pra Casa de Rosalia.

Cando despertou o Pires
pareceulle cousa rara
ó sentir tanto barullo

e ver tanta xente na casa.

¡Ouh Rosalia por Dios
que fai eiqui tanta xente!

¡Eló tu non estás enterado
home eres inocente!

Veñen os Peritos de Verín
facerlle a matanza ó José

poñénlle electricidá ós porcos
e os cinco minutos fannos morrer.

¡Carago! E eu eiqui tan cerca
como puiden perder a fila
hasta pra matar os recos
hai que andar sempre con vista.

Estaba a xente reunida
e as cousas preparadas
tal foi a aglomeración
que se acabaron as entradas.

A coitada da Marina
 tuvo que quedar na porta
 e si se descuidan un pouco
 teñen que traela morta.
 Alá D. Paco e D. Juan
 se puxeron ó experimento
 e tan pronto llo puxeron
 o reco morreu no momento.
 E o outro porco que quedou
 quixoo matar o Gildo
 e pasou que en vez de matalo
 o porco andaba mais fino.
 Díxolle entón o Pires:
 pareces un avión na autopista
 que pra andar con estes cables
 tamén fai falta ter vista.
 O conto é que o marrau
 saíu tan desesperado
 que lle entrou á Marina entre as pernas
 e saíu co ela a cabalo.
 O Nito mentras levedaba
 foi a beber a cantina
 e cuadroulle sair á porta
 e alí viu ir á Marina.
 Marchou a Moranta correndo
 pra preguntarlle á Teresa
 a ver si tamén a vian
 pra poder ir detras dela.
 Non me digas que era a Marina
 xa estabamos todos contentos
 pensando nun foguete americano
 que andaba facendo experimentos.
 Marcharon el e o Gildo
 preguntando de casa en casa
 e cando chegaron á Revolta
 ali a encontraron tirada.
 Tan pronto como a colleron
 e lle levantaron a saia
 xa no momento viron
 que estaba toda mazada.
 Marina, conta que che pasou
 que foi o que escapou contigo
 o caso é que está claro
 que foi cousa do enemigo.

.....

Outro caso curioso, pasoulle
 ó Elisardo da Plaza
 hai cuestión de mes e médio
 afogouselle unha cabra.
 Había cuestión de duas horas
 que a foran a prender
 e cando a volveron buscar
 xa non lle poideron valer.
 Cando chegou o Elisardo
 e se enterou do suceso
 botou as mans a cabeza
 e case lle diu un mareo.
 Entón dicelle a Artemia:

Elisardo non teñas pena
 que lla regalamos a D. Camilo
 pra inauguración da igrexa.
 Eu como estou tan contenta
 son capaz de regalarlla
 xa que non lle demos cartos
 siquera que quede coa cabra.
 Entón di a M^a del Carmen:
 —Estariache moi bonito
 ter a fartura na casa
 e regalarlla a D. Camilo.
 Entón di o Elisardo:
 —Como é carne moi fina
 antes que a leve naide
 millor é que a leve a familia.
 Logo di o Tio Simón:
 —Hai que lle dar á Pepita
 sabendes que ven o Domingo
 e gustalle moita a cabrita.
 O Greta pra San Cibrao
 tamén levou un pedazo
 levou as paletillas
 e un pedazo do rabo.
 Aparte da carne que levou
 apañou a pel da cabrita
 e como é tan espléndido
 quixolla regalar á Pepita.
 Unha das zancas de atrás
 levouna o Serafín
 despois partiuna ó medio
 pra el e o xenro de Verín.
 Os callos déronllos ó Manoliño
 porque como está delicado
 se lle dan outra clase de carne
 podía coller un empacho.
 Agora co Tio Simeón
 levou a millor parte
 como se trataba do pai
 a el non podían faltarlle.
 Decíalle a Candita ós veciños
 non penseis que foi tan barata
 gastei dous Kg. de bicarbonato
 pra poder preparala.
 E inda así o meu bicarbonato
 con todo o dura que estaba
 comeronna el e o Dario
 xa non nos deixaron probala.
 Chegou a Canducha de Verín
 e viña chea de fame:
 —Hai mamá por Dios cho pido
 sabes se hai por ehi carne...
 —Si miña filla si
 estas tu ben apañada
 viñeron eiqui os teus tios
 e deixaronnos sen nada.
 Xa sabes como son pra carne
 e esta era cabra tierna
 ora que co dente que teñen
 igoal comían unha vella.

O José e o Luis cos porcos
 e o Elisardo coa cabra
 fóronse ben mantendo
 e nos quedamos coas ganas.

.....

Poñan atención señores
 con todo o seu corazón
 do que pasou en Oimbra
 a conta dun cazador
 O día quince de novembro
 ahi polas seis da tarde
 dicen que o José da muda
 matou unha lebre moi grande.
 Dicen que é ruín cazador
 porque chisca un ollo ó revés
 e non hai cazador no val
 que matara tan grande res.
 Pensou que a sua escopeta
 era un arma tan boa
 tocoulle con ela ó carneiro
 e disparouselle sola.
 O Toñito da Justita
 que andaba a cortar toxos
 así que sintiu o tiro
 marchou alá presuroso.
 Eló que che pasou José
 que vexo este bicho eiqui morto
 que me iba pasar home
 disparouse a escopeta
 sin lle tocar ó gatillo
 Logo se presentou o Carlos
 viña todo presuroso
 non te preocupes José
 que nos che axudamos a todo
 Vai buscar o teu carrillo
 pra o levarmos pra casa
 haber se entre os tres o cargamos
 e naide se entera de nada.
 Que Dios che me libre
 de cometer tal delito
 se ven a Guardia Civil
 méteme no presidio.
 Entón chama ó Valiche
 que anda por esas poulas
 haber se nolo ven sangrar
 antes que se xunte mais tropa.
 Mirando pra escopeta
 entre lamentos e queixas
 dixo en voz moi baixa:
 —Que arruinado me deixas.
 Tu boa sorte tuveches
 José non tes porque te aflixir
 que a condenada da cabra
 a bo barrio foi cair.
 Ademais o sabado que ven
 casa a tua filla
 e xa tes pra facer
 unha festa de maravilla.

Alá como poideron
 colleron entre catro o carneiro
 e cargados como burros
 viñeron con el pro pueblo.
 Foron a Carmen e o Adolfo
 os primeiros en presentarse
 querían comprar o bicho
 pra poñelo de entrante.
 Solo que o Petenera e o Andrés
 logo se enteraron da prea
 e marcharon alá correndo
 pra llo compraren pra festa.
 Dicia un cara ó outro:
 —Nós boa suerte tuvemos
 temos cento cincuenta invitados
 e tamén carne pra mantelos.
 Así que chegaron alá
 foron falar co José
 pra ver se entre os dous
 lle podían comprar a res.
 Xa que viran que o Adolfo
 llo quería pra festa da filla
 miraron un cara o outro
 e diulle un dolor de barriga.
 Dicelle o Petenera ó Andrés:
 —Neste momento quedo tolo
 agora imos ver
 con que mantemos tanto lobo.
 Entón dicelle o José:
 —Sintoio de corazón
 pero tal como o vedes
 vai enteiro pra León.
 Están alá os rapaces
 e pódeno por de chacina
 ademais é o da conta
 pra levar meu xenro pra mina.
 Estando nestas disputas
 ven o Gildo aflixido
 nin pra unhos nin pra outros
 é pra todos os veciños.
 Cas ganas que traen de carne
 que andan mantidos a turtullos
 ó se enteraren da prea
 derrizan nel como burros.
 Entón chama ó Valiche
 haber si el o despacha
 xa que foi quen o sangrou
 e mo axudou a traer pra casa.
 Logo se correu a voz
 de que había carne fresca
 e todo o vecindario da plaza
 quería facer a festa.
 Antes de despachar a naide
 apostame unha paletilla
 que lla teño que mandar
 ós socios da serrería.
 Nesto presentouse a Carmen
 buscar a outra paletilla

pra facerlle caldos limpos
 pra Matilde e pra filla.
 A Carmen si que foi lista
 quixo levar as chuletas
 pois entre o Lexandro e o Manolo
 logo lle facian a festa
 A Gracia e a Benilde
 foron buscar a cabeza
 como viña o Carlos de Ourense
 querianlle dar a sorpresa.
 Agora dame medio kilo
 desa que é mais tierna
 mañá vai o Cesar a Verín
 e mandamoslla de caravela.
 Agora que a Paxara Pinta
 foi a mais apurada
 e creo que en dous pulos
 xa se presentou na plaza
 Pro Manolo e pra Concha
 como son da familia
 poden levar tres kilos
 da do fondo da barriga.
 O Elisardo asi que o soupo
 logo chamou mama Artemia:
 Vou a casa do José
 buscar unha pouca ternera.
 Sale de ahi asqueroso
 non che quero eso na casa
 ou queres que envenene
 a miña filla e os netos.
 Si tu queres unha pouca
 entonces voucha buscar
 como tes tan bo fociño
 comes anque sea can.
 José xa sabes que non quero carne
 eu o favor que che pido
 e que me guardes a piel
 e facerlle a Amparito un abrigo
 Carmen sintoio de veras
 a piel xa está encargada
 queriana o Luis e a Mariluz
 pra botar encima da cama.
 Nesto chega o Kike Valles
 buscar unha zanca de atras

pra lle facer a comida
 ó Maximino de As Chás.
 A nos tamén nos gusta
 pero non podemos comela
 temos que guardar a línea
 tanto eu como a miña Celsa.
 Ademais maña ven o meu xenro
 Anxelines e o meniño
 e non se sabe a cal dos tres
 lle gusta mais o fresquio.
 Logo veu tamén a Isolina
 buscar todos os menudos
 sabes que ó Manuel
 gustanlle mais que os turtullos.
 Logo lle salta o José:
 Os menudos son pro Nito
 quere tamén a ventrada
 mañá ten invitados
 e querelle facer callada.
 Nesto chega a Nieves
 a min non me deixes sen nada
 ten o Pepe a masa feita
 e quere facer empanada.
 A outra zanca que quedou
 levouna a Pandereta
 pro Ricardo e pra rapaza
 pra lle facer a merenda,
 Personas todas de Oimbra
 cando vos morra algún gado
 indeo vender á plaza
 que volo pagan ben pago
 Homes escopeteiros
 oide que vou falar:
 levai o gatillo seguro
 mirai a quen ides disparar
 Queden tránquilos señores
 que o asunto estase acabando
 os cartuchos están en suba
 e as licencias acabando.
 Se o José en vez de o carneiro
 matara a unha persoa
 podiades ter por seguro
 que o ian meter na chirona.

(Respetouse a forma escrita do orixinal).